



## DATOS IDENTIFICATIVOS

### Deseño de Circuitos Electrónicos Analóxicos

Materia	Deseño de Circuitos Electrónicos Analóxicos			
Código	V05M145V01106			
Titulación	Máster Universitario en Enxeñaría de Telecomunicación			
Descritores	Creditos ECTS 5	Sinale OB	Curso 1	Cuadrimestre 1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento				
Coordinador/a	Pastoriza Santos, Vicente			
Profesorado	Costas Pérez, Lucía Pastoriza Santos, Vicente			
Correo-e	vpastoriza@uvigo.es			
Web	http://faitic.uvigo.es			
Descripción xeral	O propósito principal desta materia é que o estudiante adquira os coñecementos e habilidades necesarias que lle permitan analizar e deseñar os circuitos electrónicos analóxicos de baixa frecuencia que se utilizan habitualmente nos sistemas de adquisición de datos e os sistemas de instrumentación electrónica. Para iso, en primeiro lugar, preséntanse aos alumnos os seus principais características. A continuación, introducíense e desenvolven coñecementos acerca de sensores e o acondicionamento dos sinais xerados por estes. Finalmente, trátanse os principios de funcionamiento e os parámetros de deseño dos circuitos electrónicos dun sistema de adquisición de sinal.			

Os contidos principais ordénanse da seguinte maneira:

- +Introdución aos sistemas electrónicos de adquisición de sinal: bloques funcionais e arquitecturas.
- +Realimentación: definición e topoloxías.
- +Introdución aos sensores: definición e clasificación.
- +Introdución aos circuitos acondicionadores de sinal. Presentación dun conxunto de circuitos electrónicos auxiliares de uso moi común no devandito contexto: técnicas de linealización. circuitos modificadores de nivel de sinal. Circuitos rectificadores de media onda e de onda completa. Tensións de referencia. Conversión tensión-corrente. Interruptores e multiplexores analóxicos.
- +Amplificación nun sistema electrónico de medida: amplificadores de instrumentación, amplificadores programables, e amplificadores de illamento.
- +Filtros activos.
- +Circuitos de mostraxe e retención, convertidores dixital-analóxicos e analóxico-dixitais.

Os obxectivos fundamentais da parte práctica da materia son que o estudiante adquira habilidades prácticas tanto na montaxe de circuitos e de medida cos instrumentos de laboratorio, para poder distinguir e caracterizar os diferentes circuitos electrónicos estudiados, como na identificación e resolución de erros nas montaxes. Ademais, o estudiante, ao finalizar a materia, debe coñecer e saber manexar correctamente ferramentas informáticas para o deseño, simulación e análise dos sistemas electrónicos analóxicos estudiados.

## Competencias

### Código

A4	CB4 Que os estudiantes saibam comunicar as súas conclusións, e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan, a públicos especializados e non especializados dun xeito claro e sen ambigüidades.
A5	CB5 Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudiando dun xeito que terá que ser, en grande medida, autodirixido e autónomo.

B4	CG4 Capacidad para o modelado matemático, cálculo e simulación en centros tecnológicos e de enxeñaría de empresa, particularmente en tarefas de investigación, desenvolvemento e innovación en todos os ámbitos relacionados coa Enxeñaría de Telecomunicación e campos multidisciplinais afins.
B8	CG8 Capacidad para a aplicación dos coñecementos adquiridos e resolver problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos e multidisciplinais, sendo capaces de integrar coñecementos.
C12	CE12 Capacidad para utilizar dispositivos lóxicos programables, así como para deseñar sistemas electrónicos avanzados, tanto analóxicos coma dixitais. Capacidad para deseñar componentes de comunicacíons como por exemplo encamiñadores, conmutadores, concentradores, emisores e receptores en diferentes bandas.
C14	CE14 Capacidad para desenvolver instrumentación electrónica, así como transdutores, actuadores e sensores.

### Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Saber analizar e deseñar circuitos electrónicos analóxicos de baixa frecuencia.	A4 B4 B8 C12 C14
Coñecer as partes que constitúen un sistema electrónico de medida.	A5 B4 C12 C14
Coñecer o principio de funcionamento dos sensores e dos adaptadores para o seu acondicionamento.	A5 B4 C12 C14
Saber modelar un sistema electrónico analóxico mediante linguaxes de descripción hardware.	A4 B4 B8 C12 C14

### Contidos

Tema	
Tema 1: Introducción	<p>Sistemas analóxicos de adquisición de sinal: Arquitecturas. Bloques funcionais.</p> <p>Realimentación: Definición. Topoloxías. Realimentación Serie-Paralelo.</p> <p>Neste tema traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>
Tema 2: Circuitos auxiliares.	<p>Sensores e Acondicionadores: Sensores: Definición e Clasificacións. Acondicionadores de sensores resistivos: Divisor resistivo. Ponte de Wheatstone. Outros circuitos acondicionadores. Técnicas de linealización. Circuitos modificadores de nivel de sinal (axustes de nivel de continua e de alcance do sinal). Circuitos rectificadores de media onda e de onda completa.</p> <p>Fontes de tensión e corrente: Fontes de tensión de referencia: Introdución. Rendemento. Circuíto básico. Circuíto autorregulado. Estabilización térmica. Conversión tensión-corrente: Introdución. Convertidores de Carga flotante. Convertidores de carga referida a outro potencial.</p> <p>Interruptores e multiplexores analóxicos: Interruptores: Definición. Tipos. Aplicacións. Dispositivos comerciais. Multiplexores: Definición. Tipos. Parámetros característicos.</p> <p>Neste tema traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>

<p><b>Tema 3: Amplificación en sistemas de adquisición</b></p> <p>Amplificadores de instrumentación: de sinal.</p>	<p>Introdución. Definición e características ideais. Modelo real dun amplificador de instrumentación. Montaxes básicas. Bloque funcional e circuitos comerciais. Exemplos de aplicación. Presentación dalgúns amplificadores comerciais e as súas follas características.</p> <p>Amplificadores programables: Introdución. Tipos. Amplificador de instrumentación de ganancia seleccionable mediante pontes entre terminais (Pin Programmable Gain). Amplificador de instrumentación de ganancia seleccionable mediante un multiplexor analóxico (PGA: Programmable Gain Amplifier). Presentación dalgúns amplificadores comerciais e as súas follas características.</p> <p>Amplificadores de illamento: Introdución. Criterios de clasificación do tipo de illamento. Tipos: capacitivo, magnético e óptico. Estrutura básica. Parámetros característicos. Aplicacións e limitacións. Exemplos de aplicación. Presentación dalgúns amplificadores comerciais e as súas follas características.</p> <p>Neste tema traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>
<p><b>Tema 4: Filtros activos.</b></p>	<p>Introdución: Concepto de filtrado. Tipos de filtros. Parámetros reais.</p> <p>Descripción mediante unha función de transferencia: Introdución . Función de transferencia : polos e ceros, análises de estabilidade e resposta en frecuencia . Filtros de 1º orde e de 2º orde.</p> <p>Aproximacións da función de transferencia: Etapas de realización dun filtro . Especificacións do filtro. Aproximacións matemáticas da función característica. Normalización da función de transferencia e a súa utilización na transformación dun tipo de filtro noutro. Aproximacións polinómicas: Butterworth e Chebyshev.</p> <p>Síntese: Introdución. Métodos de sínteses. Síntese directa. Topoloxías básicas de síntese directa: fonte de tensión controlada en tensión (KRC ou Sallen-Key) e montaxe investidora con realimentación múltiple (MFB: Multiple Feedback). Síntese en cascada. Comparación de métodos. Escalado.</p> <p>Neste tema traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>
<p><b>Tema 5: Circuitos de mostraxe e retención.</b> Convertedores dixital-analóxicos e analóxico-dixitais.</p>	<p>Circuitos de mostraxe e retención: Principio de funcionamento. Parámetros. Arquitecturas. Circuitos comerciais.</p> <p>Convertedores analóxico-dixitais: Introdución. Parámetros. Erros de funcionamento. Circuitos de conversión directa. Circuitos de rampla. Conversión por aproximacións sucesivas. Dispositivos comerciais.</p> <p>Convertedores dixital-analóxicos: Introdución. Parámetros. Erros de funcionamento. Circuitos de conversión directa. Rede lineal. Rede ponderada. Rede R-2R.</p> <p>Neste tema traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>
<p><b>Práctica 1: Circuitos auxiliares.</b></p>	<p>Montaxe e verificación dun circuito que se comporta como fonte de tensión de referencia. Montaxe e verificación dun circuito que se comporta como fonte de corrente.</p> <p>Nesta práctica traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.</p>

Práctica 2: Amplificador de instrumentación.	Montaxe e análise dun amplificador de instrumentación baseado en tres operacionais a partir de compoñentes discretos. Montaxe e análise dun amplificador de instrumentación comercial con ganancia axustable por potenciómetro.
Práctica 3: Filtros activos.	Nesta práctica traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.
Práctica 4: Conversión dixital-analólica.	Montaxe dun filtro activo. Identificación da topoxía, a orde, e o tipo de filtro. Cálculo a súa frecuencia de corte teórica. Comprobación da súa resposta en frecuencia utilizando o xerador de funcións e o osciloscopio. Representar a magnitud da resposta en frecuencia do filtro (diagrama de magnitude de Bode).
Práctica 5: Sistema de medida dunha variable física baseada nun sensor comercial.	Nesta práctica traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.

#### Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introductorias	1	2	3
Lección maxistral	13	19	32
Resolución de problemas	8	12	20
Aprendizaxe baseado en proxectos	5	12	17
Prácticas de laboratorio	10	10	20
Exame de preguntas obxectivas	3	30	33

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

#### Metodoloxía docente

	Descripción
Actividades introductorias	Toma de contacto e presentación da materia. Presentación das prácticas de laboratorio e da instrumentación e software a utilizar. Nestas clases traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo. O estudiante, mediante traballo autónomo, deberá aprender os conceptos introducidos na aula e preparar os temas sobre a bibliografía proposta. Identificaranse posibles dúbdidas que se resolverán na aula ou en titorías personalizadas. Nestas clases traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.
Resolución de problemas	Actividade complementaria das sesións maxistrais na que se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O estudiante deberá desenvolver as soluciones adecuadas dos problemas e/ou exercicios propostos na aula e doutros extraídos da bibliografía. Identificaranse posibles dúbdidas que se resolverán na aula ou en titorías personalizadas. Nestas clases traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Actividade complementaria das sesións maxistrais, os estudiantes deberán realizar un proxecto teórico-práctico nun tempo determinado para resolver un problema mediante a planificación, deseño e realización dunha serie de actividades. En grupos reducidos definiranse as actividades, analizaranse as posibles soluciones e alternativas de deseño, identificaranse os elementos fundamentais e analizaranxe os resultados. O traballo autónomo será guiado e supervisado polo profesor no transcurso das sesións de titoría en grupo (horas tipo C). Todas as sesións terán lugar no laboratorio. Nestas clases traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.

**Prácticas de laboratorio** Actividades de aplicación dos coñecementos teóricos adquiridos. O estudiante adquirirá as habilidades básicas relacionadas co manexo da instrumentación dun laboratorio de instrumentación electrónica, a utilización das ferramentas de programación e a montaxe de circuitos propostos. O estudiante adquirirá habilidades de traballo persoal e en grupo para a preparación dos traballos de laboratorio, utilizando a documentación dispoñible e os conceptos teóricos relacionados. Identificaranse posibles dúbidas que se resolverán no laboratorio ou en titorías personalizadas. Nestas clases traballaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.

## Atención personalizada

Metodoloxías	Descripción
Lección maxistral	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudiantes sobre os contidos impartidos nas sesións maxistrais e orientárselles sobre como abordar o seu estudo.
Resolución de problemas	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudiantes sobre os problemas e/ou exercicios propostos e resoltos na aula así como doutros problemas e/ou exercicios que poidan aparecer ao longo do estudo da materia.
Prácticas de laboratorio	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. En ditas titorías atenderanse dúbidas e consultas dos estudiantes sobre o desenvolvemento das prácticas de laboratorio, o manexo da instrumentación, a montaxe de circuitos e as ferramentas de programación.
Aprendizaxe baseado en proxectos	Os estudantes terán ocasión de acudir a titorías personalizadas ou en grupos no despacho do profesorado no horario que se establecerá para ese efecto a principio de curso e que se publicará na páxina web da materia. O profesorado atenderá dúbidas e consultas dos estudiantes sobre o proxecto teórico-práctico proposto.

## Avaliación

	Descripción	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Aprendizaxe baseado en proxectos	O estudiante deberá realizar un proxecto teórico-práctico que será avaliado tendo en conta o traballo desenvolvido, os resultados obtidos, a presentación e análise dos mesmos, así como a calidade da memoria final entregada, se esta fose requirida. A nota final do proxecto (NPT: Nota do Proxecto Tutelado) estará comprendida entre 0 e 10 puntos. A avaliação do proxecto constará dunha parte común de avaliação do traballo realizado en grupo, na que a cualificación de cada compoñente será a mesma, e dunha parte de avaliação individual de cada estudiante, obtida a partir da valoración da súa contribución individual e da presentación oral do proxecto desenvolvido, se esta se levara a cabo. Neste traballo avaliaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.	10	A4 B4 C12 A5 B8 C14
Prácticas de laboratorio	Avaliaranse as competencias adquiridas polo estudiante sobre os contidos das prácticas de laboratorio da materia. A nota final de prácticas de laboratorio (NPL) estará comprendida entre 0 e 10 puntos. A avaliação das prácticas contará dunha parte común de avaliação do traballo realizado en grupo, na que a cualificación de cada compoñente será a mesma, e dunha parte de avaliação individual de cada estudiante, obtida a partir das tarefas de traballo individual previo e de cuestións personalizadas en cada unha das sesións. Nestas prácticas avaliaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.	30	A4 B4 C12 A5 B8 C14
Exame de preguntas obxectivas	Probas obxectivas, probas de teoría, que se realizarán despois de cada grupo de temas expostos nas sesións maxistrais para avaliar os coñecementos adquiridos polo estudiante. A nota final destas probas obxectivas (NPO) estará comprendida entre 0 e 10 puntos. Nestas probas avaliaranse as competencias CB4, CB5, CG4, CG8, CE12 e CE14.	60	A4 B4 C12 A5 B8 C14

## Outros comentarios sobre a Avaliación

### 1. Avaliación continua

Segundo as directrices propias da titulación e os acordos da comisión académica ofrecerense aos alumnos que cursen esta materia un sistema de avaliação continua.

Enténdese que os alumnos que realicen 1 proba obxectiva (proba de teoría) ou que falten como máximo a 1 sesión de prácticas de laboratorio **optan pola avaliación continua** da materia.

A avaliación da materia divídese en probas obxectivas (60%) e probas prácticas (40%). As cualificacións das tarefas availables serán válidas só para o curso académico no que se realizan. A cualificación final dun estudiante que escolla esta vía no poderá ser "non presentado".

### **1.a Probas obxectivas (tipo test e/ou preguntas curtas)**

Realizaranse 2 probas parciais obxectivas (PO), probas de teoría, debidamente programadas ao longo do curso. A primeira proba realizarase en horario de teoría e será comunicada aos alumnos con suficiente antelación. A segunda proba realizarase o mesmo día que o exame final que se celebrará na data que estableza a dirección da Escola. As probas non son recuperables, é dicir, que se un estudiante non pode asistir o día en que estean programadas o profesor non ten obrigación de repetilas.

Cada proba constará dunha serie de preguntas curtas e/ou de tipo test e/ou resolución de problemas e/ou exercicios. A nota de cada proba (PO) valorarase de 0 a 10 puntos. A nota das probas ás que falte será de 0 puntos. Para superar esta parte de probas obxectivas será necesario obter polo menos 5 puntos de 10 en cada unha delas ( $PO_1 \geq 5$  e  $PO_2 \geq 5$ ). Se se obtivo menos de 5 puntos de 10 na primeira proba ( $PO_1 < 5$ ), o alumno poderá recuperar dita parte o mesmo día da segunda proba obxectiva.

Se  $PO_1 \geq 5$  e  $PO_2 \geq 5$  entón a nota final obtida nas probas obxectivas (NPO) será a media aritmética das notas das probas:

$$NPO = (PO_1 + PO_2)/2$$

en caso contrario a nota será:

$$NPO = 5 - \text{Suma}(A_i)/2 \text{ sendo } A_i = \max(\{0; 5 - PO_i\}) \text{ para } i = 1, 2.$$

### **1.b Probas prácticas**

#### **1.b.1 Prácticas de laboratorio**

Realizaranse 5 sesions de prácticas de laboratorio de 2 horas en grupos de 2 alumnos. A parte práctica cualificarse mediante a avaliação continua de todas as prácticas. Cada unha das prácticas avaliarase únicamente o día da práctica. A valoración da parte práctica farase de forma individual para cada membro do grupo. Terase en conta o traballo individual de preparación previa, a asistencia e o traballo desenvolvido por cada estudiante durante as sesions no laboratorio. Cada práctica valorarase cunha nota (PL) entre 0 e 10 puntos. A nota das prácticas ás que se falte será de 0. A nota final das prácticas de laboratorio (NPL) será a media aritmética de todas elas:

$$NPL = \text{Suma}(PL_i)/5; i = 1, 2, \dots, 5.$$

Para superar esta parte práctica será necesario obter polo menos 5 puntos de 10 en NPL. Ademais, o alumno só poderá faltar a 1 sesión de laboratorio, e só se se trata dunha falta debidamente xustificada.

#### **1.b.2 Proxecto tutelado**

Na primeira sesión de tutoría en grupo (horas tipo C) presentaranse todas as actividades a realizar e asignarase o proxecto concreto a cada estudiante. O profesor seguirá o desenvolvemento do traballo de cada grupo e o traballo individual de cada alumno nas restantes sesións de tutoría en grupo (horas tipo C).

O proxecto será avaliado en función do traballo desenvolvido, da calidade dos resultados obtidos, da presentación e análise dos mesmos, así como da calidade da memoria final realizada, se esta fose requirida. O proxecto valorarase cunha nota (NPT: Nota do Proxecto Tutelado) de 0 a 10 puntos.

Para superar esta parte, NPT terá que ser de polo menos 5 puntos de 10 e o estudiante non poderá faltar a máis de 1 sesión. A falta deberá ser debidamente xustificada.

### **1.c Nota final da materia**

Na nota final (NF), as probas obxectivas terán un peso do 60% e as probas prácticas o restante 40% (o 30% de NF corresponderá á nota final obtida nas prácticas de laboratorio (NPL) e o 10% de NF á nota obtida no proxecto tutelado (NPT)). Para aprobar a materia será imprescindible superar a parte de probas obxectivas (parte de teoría), a parte de prácticas de laboratorio e a parte do proxecto tutelado. Neste caso a cualificación final será a suma ponderada das notas de cada parte:

$$NF = 0,60 \cdot NPO + 0,30 \cdot NPL + 0,10 \cdot NPT$$

No caso de non alcanzar o mínimo de 5 puntos nalgunha das probas parciais obxectivas ( $PO1 < 5$  ou  $PO2 < 5$ ), ou de non superar algunha das partes prácticas ( $NPL < 5$  ou  $NPT < 5$ ), ou de faltar a máis de 1 sesión de prácticas de laboratorio ou a máis de 1 sesión de proxecto tutelado, a nota final será a obtida coa seguinte expresión:

$$NF = 0,60 \cdot NA + 0,30 \cdot NB + 0,10 \cdot NC, \text{ onde:}$$

$$NA = 5 - \text{Suma}(Ai)/2 \text{ sendo } Ai = \max( \{0; 5-POi\} ) \text{ para } i=1, 2.$$

$$NB = \min( \{5; NPL\} )$$

$$NC = \min( \{5; NPT\} )$$

Para aprobar a materia será necesario obter unha nota final  $NF \geq 5$ .

## 2. Avaliación única

Os alumnos que non opten pola avaliación continua poderán presentarse a un exame final que constará dunha serie de actividades avaliables similares ás que se contemplan na avaliación continua. Así, nas datas establecidas pola dirección da Escola para a realización do exame final, os estudiantes que non optasen pola avaliación continua deberán realizar dúas probas obxectivas, unha proba práctica no laboratorio, e entregar unha memoria final dun proxecto tutelado previamente asignado.

As dúas probas obxectivas constarán dunha serie de preguntas curtas e/ou de tipo test e/ou resolución de problemas e/ou exercicios. Esta proba obxectivas,  $PO1$  e  $PO2$ , valoraranse de 0 a 10 puntos.

A proba práctica realizada no laboratorio valorarase de 0 a 10 puntos e a nota final de prácticas de laboratorio ( $NPL$ ) será a cualificación obtida.

Para avaliar o proxecto tutelado terase en conta o traballo desenvolvido, a calidade dos resultados obtidos, a presentación e análise dos mesmos, así como a calidade da memoria final realizada, se esta fose requirida. O proxecto valorarase cunha nota ( $NPT$ ) de 0 a 10 puntos.

Para aprobar a materia será imprescindible obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en  $PO1$ ,  $PO2$ ,  $NPL$  e  $NPT$ . Neste caso a cualificación final será a obtida coa seguinte expresión:

$$NF = 0,60 \cdot NPO + 0,30 \cdot NPL + 0,10 \cdot NPT, \text{ onde:}$$

$NPO$  será a media aritmética das notas das probas obxectivas:

$$NPO = (PO1 + PO2)/2$$

No caso de non alcanzar o mínimo de 5 puntos nalgunha das probas parciais obxectivas ( $PO1 < 5$  ou  $PO2 < 5$ ), ou de non superar algunha das partes prácticas ( $NPL < 5$  ou  $NPT < 5$ ), a nota final será a obtida coa seguinte expresión:

$$NF = 0,60 \cdot NA + 0,30 \cdot NB + 0,10 \cdot NC, \text{ onde:}$$

$$NA = 5 - \text{Suma}(Ai)/2 \text{ sendo } Ai = \max( \{0; 5-POi\} ) \text{ para } i=1, 2.$$

$$NB = \min( \{5; NPL\} )$$

$$NC = \min( \{5; NPT\} )$$

Para aprobar a materia será necesario obter unha nota final  $NF \geq 5$ .

## 3. Segunda oportunidade e convocatoria extraordinaria

Estas convocatorias constarán dunha serie de actividades avaliables similares ás que se contemplan no apartado 2. Terá o mesmo formato que a avaliación única e celebrarase na data que estableza a dirección da Escola. Para a asignación do proxecto tutelado o estudiante debe apuntarse previamente seguindo o procedemento indicado polo profesorado con suficiente antelación.

Na segunda oportunidade, as notas das partes ás que non se presente o alumno serán as obtidas na primeira oportunidade (avaliación continua ou única) do curso académico actual. Ademais, neste caso os estudiantes só poderán presentarse ás probas que non superaron na primeira oportunidade.

O cálculo da nota final da materia realizarase tal e como se explica no apartado 2.

## 4. Sobre o comportamento ético do alumnado

En caso de detección de plaxio nalgún dos traballos/probas realizadas a cualificación final da materia será de "suspenso (0)" e os profesores comunicarán á dirección da escola o asunto para que tome as medidas que considere oportunas.

---

## **Bibliografía. Fontes de información**

### **Bibliografía Básica**

Pérez García, M.A., **Instrumentación Electrónica**, 1<sup>a</sup> ed., Ediciones Paraninfo, S.A., 2014

Franco, S., **Diseño con amplificadores operacionales y circuitos integrados analógicos**, 3<sup>a</sup> ed., McGraw-Hill, 2004

Fraile Mora, J., García Gutiérrez, P., y Fraile Ardanuy, J., **Instrumentación aplicada a la ingeniería**, 3<sup>a</sup> ed., Editorial Garceta, 2013

Pallás Areny, R., **Sensores y Acondicionadores de Señal**, 4<sup>a</sup> ed., Marcombo D.L., 2003

Pallás Areny, R., Casas, O., y Bragó, R., **Sensores y Acondicionadores de Señal. Problemas resueltos**, Marcombo D.L., 2008

Pérez García, M.A., Álvarez Antón, J.C., Campo Rodríguez, J.C., Ferrero Martín F.C., y Grillo Ortega, **Instrumentación Electrónica**, 2<sup>a</sup> ed., Thomson, 2004

Pérez García, M.A., **Instrumentación Electrónica: 230 problemas resueltos**, 1<sup>a</sup> ed., Editorial Garceta, 2012

### **Bibliografía Complementaria**

## **Recomendacións**

### **Materias que continúan o temario**

Circuítos Mixtos Analóxicos e Dixitais/V05M145V01213

---